

Guías de uso – Compás, *tempo*

Compás

En relación coa variedade de compases empregados nela, unha canción considérase **isométrica** –cando se usa un único compás para toda a canción– ou **heterométrica** –cando se usan dous ou máis compases distintos–.

Os compases aparecen escritos do seguinte xeito: **2 números** separados por unha **barra inclinada** (/). Se malia haber algunha irregularidade (compases con algún tempo de máis ou de menos) o metro básico sinalado é identificable, este escríbese **entre parénteses**. Empregamos as letras **SC** (Sen Compás) cando se escolleu este tipo de escritura, sexa por non axustarse o ritmo a estrutura métrica ningunha, sexa por non estar de todo clara a estrutura métrica.

Exemplos

2/4; 8/8; (3/8)
3/4, 6/8 (Heterométrica)

Tempo

En lugar das figuras musicais que habitualmente se utilizan como unidades métricas (♩, ♪, ♫), empregamos por razóns técnicas a súa cifra correspondente (2, 4, 8 –a que aparece no chamado «denominador» do indicador de compás, p. ex.: 2/4–). Segue a esta cifra (acompañada ou non de punto – . –) o signo igual (=) e un número arábigo (**125**), ás veces precedido da abreviatura de *circa* (**ca. 88** = aproximadamente 88 unidades/minuto), ou dous números separados por guión (**125-160**).

A velocidade de reprodución da gravación puido resultar alterada (especialmente nas casetes), así que este dato debe ser tomado sempre como aproximativo. Non sempre se utiliza a unidade métrica para indicar a velocidade da peza, senón ás veces a unidade máis breve coa que poder contabilizar o ritmo, nos casos en que este é máis irregular.

Exemplos

4=125	(♩=125)
4.=78	(♩.=78)
8=210-245	(♫=210-245)
4=ca. 96	(♩=ca. 96)